

**Acta núm. 17/2024.  
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 22 de outubro de 2024.**

**ASISTENTES:**

Pablo Lago Sanmartín.  
Sandy Marie Cebra Gómez  
María Rosa Romero Fariña.  
Non asisten:  
Carlos Noya Pereira.  
José Antonio Vidal González.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 22 de outubro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 16/2024, DO 08/10/2024.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 6º) RENUNCIA PARCIAL A LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 7º) RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE PARA DECLARAR A INEFICACIA DUNHA COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS.
- 8º) BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.
- 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 16/2024, DO 08/10/2024.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 08.10.2024, acta núm. 16/2024.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DOLORES BLANCO BAAMEIRO, na que comunica que vai executar un peche perimetral de parcela, no lugar de Gundín s/n – Os Ánxeles. O peche farase con postes de formigón e arameira ata unha altura de 1,20 m.

A parcela (referencia catastral 5243710NH2454S0001BJ) onde se pretende executar a obra aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM, como solo de núcleo rural (SNR), dentro da área consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche, no caso de dar fronte a un camiño público afastarse como mínimo a 4 m. do eixo do mesmo.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 23,76 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 88,33 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANTIAGO PIÑEIRO GARCÍA, na que comunica que vai reparar a cheminea da vivenda sita en Ardións nº 8 – Luaña, revestindo os paramentos da mesma con pedra.

A parcela (referencia catastral 8341709NH1484S0001DJ) na que se pretenden executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 67,57 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA CAAMAÑO CASTRO, na que comunica que vai reparar a cuberta dun pallette de 14 m<sup>2</sup>, anexo a vivenda sita na Rúa da Fonte nº 4 – Alqueidón, substituindo a tella existente por outra nova das mesmas características.

A parcela (referencia catastral 6746206H2464N0001WD) na que se pretenden executar as obras, aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2), e atópase na aldea de Alqueidón que está dentro do inventario de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave identificativa AE2, así como nas proximidades da fonte do Alqueidón, identificada coa clave AI2, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 64,00 euros.
  - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 128,57 euros.

**d)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL PILAR SÚAREZ PROUPÍN, na que comunica que vai pintar as fachadas da vivenda de Trasouteiro nº 2 – Brión. A parcela (referencia catastral 5268903NH2456N0001KB) na que se pretenden executar as obras, está emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1), e sitúase nas proximidades do Pazo de Trasouteiro, o cal está integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado coa clave BE15-BI2, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberán de empregarse preferentemente tons claros para o pintado das fachadas.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 44,40 euros.
- Total: 44,40 euros.

**e)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSEFINA IGLESIAS FREIRE, na que comunica que vai impermeabilizar e pintar a fachada noroeste da vivenda sita en Vioxo de Abaixo nº 1 – Luaña.

A vivenda (referencia catastral 1739402NH2414S0001RQ) na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área non consolidada pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo

363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 76,00 euros.

Total: 76,00 euros.

**f)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Daniel Vidal González, que di actuar en representación de SAN RIAN SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, na que comunica que vai instalar placas solares fotovoltaicas co fin de aproveitar a enerxía solar, e beneficiarse do aforro enerxético xerado para o autoconsumo e vertido do excedente. As placas solares fotovoltaicas (83 módulos) instaláranse sobre a cuberta da nave existente, de forma coplanar, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial superior Xurxo López González, visado en data 17.09.2024 (visado nº 20242758).

A parcela (referencia catastral 15013A010001440000UY) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado como solo rústico de especial protección forestal segundo o PXOM, séndolle de aplicación o disposto na Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico, en base á Disposición Transitoria Primeira.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal no que se sinala que cumpre as condicións para aplicar a bonificación contemplada na Ordenanza fiscal núm. 4-I, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, a favor das que incorporen sistemas para o aproveitamento eléctrico da enerxía solar para autoconsumo, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 439,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 503,57 euros.

**g)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Luciano Piñeiro Bermúdez, que di actuar en representación de DOLORES HERMITAS RIVAS LEMOS, na que comunica que vai rehabilitar un hórreo de dous claros sito en Chave de Ponte nº 16 – Bastavales, consonte coa memoria técnica asinada polo arquitecto Ignacio Piñeiro de la Torre de data agosto de 2024.

A parcela (referencia catastral 9011402NH2491S0001IT) na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área non consolidada pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 03.10.2024 (expte. 2742/24) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpriñanse as condicións recollidas na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 03.10.2024 (expte. 2742/24).

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 62,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 126,57 euros.

### **TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha edificación destinada a almacén emprazada no lugar Boimil nº 7 – Brión, abrindo unha gabia de 24 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez con data 21.08.2024.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 6164223NH2466S0001WO) atopase clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 123,93 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A. e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 2021000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 57,52 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total:122,09 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para a execución do proxecto denominado Regulamentación TA2806 y CT15AJ75 - Salaño.

As obras segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial Alberto Blanco Penas visado polo Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña en data 02.06.2022, consisten na substitución dun centro de transformación prefabricado de 100 Kva. de potencia, debido a mal estado de conservación do CT actual, a emprazar sobre a parcela de referencia catastral 0788710NH2408N0001AA, sita no lugar de Salaño Pequeno, así como a execución dunha liña soterrada de media tensión de 25 metros de lonxitude que o conectará coa liña de media tensión existente. Paralelamente substitúese o apoio existente e tamén se executa a saída de dúas liñas paralelas de baixa tensión soterradas de 15 metros lineais cada unha, a conectar coa rede de baixa tensión existente na zona.

A parcela sobre a que se empraza o CT a substituír atópase clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación na zona oeste (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria de data 03.10.2024 (expediente IN407A 2022/380-1), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O centro de transformación afastarase como mínimo a 4 metros do eixo vial municipal.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 645,36 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A. e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 2021000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 923,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 988,37 euros.

#### **CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA CONSUELO CAMIÑO VILLAVERDE, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita en A Telleira - Bastavales, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra, con data 30.07.2024 (núm. 20240726).

#### **Descrición da parcela de orixe:**

Referencia catastral: 9427601NH2492N0001JF.

Superficie: 6.656 m<sup>2</sup>, segundo medición recente.

Lindes:

Norte: camiño.

Sur: Resy SA (parcela 161 do polígono 50).

Leste: camiño.

Oeste: Arturo Camiño Villaverde.

Sobre a finca descrita ubícase unha vivenda de planta baixa destinada a vivenda da superficie de 230 m<sup>2</sup>, dos cales 5 m<sup>2</sup> están destinados a porche, e planta soto, da superficie de 230 m<sup>2</sup>, destinados a garaxe e almacén; ao sur da mesma e separado da mesma encóntranse tres construcións anexas entre si, destinadas a uso agrario compostas por un cuberto de 186 m<sup>2</sup>, un almacén de 47 m<sup>2</sup>, e outro cuberto de 31 m<sup>2</sup>. O total da superficie construída é de 724 m<sup>2</sup> e da superficie ocupada é de 494m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre dous clases de solo:

- Parte, 5.367 m<sup>2</sup>, clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).
- Parte, 1.289 m<sup>2</sup>, clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

#### **Segregación pretendida:**

**Finca “Parcela cesión norte”:**

Superficie neta: 122 m<sup>2</sup>. (a 4,00 m. do eixe do vial).

Lindes:

Norte: vial público.

Sur: finca neta.

Leste e Oeste: vial público.

**Finca “Parcela cesión leste-uno”:**

Superficie neta: 2 m<sup>2</sup>. (a 5,50 m. do eixe do vial).

Lindes:

Norte e Oeste: parcela neta.

Sur e Leste: vial público.

**Finca “Parcela cesión leste-dos”:**

Superficie neta: 70 m<sup>2</sup>. (a 5,50 m. do eixe do vial).

Lindes:

Norte e Oeste: parcela neta.

Sur e Leste: vial público.

**Parcela número 01-A o finca matriz:**

Superficie neta: 2.903 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: “Parcela norte cesión a viais”, e despois vial público.

Sur: Resy SA (parcela 161 do polígono 50).

Leste: parcela 01-B desta segregación.

Oeste: Arturo Camiño Villaverde.

Sobre a finca descrita ubícase unha vivenda de planta baixa destinada a vivenda da superficie de 230 m<sup>2</sup>, dos cales 5 m<sup>2</sup> están destinados a porche, e planta soto, da superficie de 230 m<sup>2</sup>, destinados a garaxe e almacén; ao sur da mesma e separado da mesma encóntranse tres construcións anexas entre si, destinadas a uso agrario compostas por un cuberto de 186 m<sup>2</sup>, un almacén de 47 m<sup>2</sup>, e outro cuberto de 31 m<sup>2</sup>. O total da superficie construída é de 724 m<sup>2</sup> e da superficie ocupada é de 494m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

**Parcela número 01-B:**

Superficie neta: 1.616 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: “Parcela norte cesión a viais”, e despois vial público.

Sur: Resy SA (parcela 161 do polígono 50).

Leste: parcela 01-C desta segregación.

Oeste: parcela 01-A desta segregación.

Clasificación urbanística: clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

**Parcela número 01-C:**

Superficie neta: 770 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: “Parcela norte cesión a viais”, e despois vial público.

Sur: Resy SA (parcela 161 do polígono 50).

Leste: parcela 01-D desta segregación.

Oeste: parcela 01-B desta segregación.

Clasificación urbanística: clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

**Parcela número 01-D:**

Superficie neta: 1.173 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: "Parcela norte cesión a viais", e despois vial público.

Sur: Resy SA (parcela 161 do polígono 50), vial público e "Parcelas leste-un e leste-dous cesión a viais", despois vial público.

Leste: vial público e "Parcela leste-un e leste-dous cesión a viais", despois vial público.

Oeste: parcela 01-C desta segregación.

Clasificación urbanística: clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 122 m<sup>2</sup>, 2m<sup>2</sup> e 70m<sup>2</sup>, ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 387,42 euros.

Total: 387,42 euros.

**QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Carlos Mariano Valderrama Ferrando, que di actuar en representación de JORGE ABOAL VIÑAS e MARÍA FLORENTINA ALONSO ALPERI, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificacións auxiliares, pérgola e piscina, na rúa Santiago 1 - Os Ánxeles, segundo proxecto básico modificado asinado polo arquitecto Carlos Valderrama Ferrando con data 26.08.2024 e documentación complementaria (plano R.3.5) de data 18.09.2024.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 7047409NH2474N0001LJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

**-. Deberá presentarse o preceptivo proxecto de execución visado polo COAG antes do inicio das obras, o cal limitarase a desenvolver o proxecto básico modificado asinado polo arquitecto Carlos Valderrama Ferrando con data 26.08.2024 e documentación complementaria (plano R.3.5) de data 18.09.2024. Acadará o contido mínimo indicado no anexo 1 da parte 1 do CTE; para que logo de presentada esta documentación o Concello autorice expresamente o inicio das obras.**



- A obra axustarase estritamente ao antedito proxecto básico modificado e documentación complementaria, en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Carlos Valderrama Ferrando.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (69 m<sup>2</sup>, asinados en documento administrativo de cesión con data 17.10.2024), necesaria para que os terreos alcancen, se non a tivesen, a condición de solar, que implica a pavimentación da beirarrúa no fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar non implica título habilitante para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado ( artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 69 m<sup>2</sup>, destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 17 de outubro de 2024.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 8.000,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 769,68 euros.

Total: 8.769,68 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de RAFAEL PABLO PARDO MONTAÑA e MARTA VILLAVERDE ACUÑA, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e edificación auxiliar, no lugar de Sabaxáns 89 – Bastavales, segundo proxecto de execución asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos da Coruña con data 25.06.2024 (expte.2403429).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 15013B503635970000MM) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto de execución, asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos da Coruña con data 25.06.2024 (expte. 2403429).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (superficie de cesión recollida na licenza de segregación outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 20.11.2018), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar e edificación auxiliar non implica comunicación previa do peche, para o que deberá facer nova solicitude.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses

de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederáse á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado ( artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.324,35 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.420,38 euros.

**c)** Deuse conta dunha instancia presentada por Marcos Beiras Duarte, que di actuar en representación de MARÍA LUZ MARTÍNEZ CALVO, solicitando licenza para obras de reforma da cuberta con afección estrutural dunha vivenda unifamiliar sita na Avenida de Noia nº 55 - Os Ánxeles. As obras segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Marcos Beiras Duarte, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 05.09.2024 (expte. 2404628), consisten en executar unha estrutura de tabiques palomeros de ladrillo, apoiados no forxado actual do teito de planta baixa, viguetas pretensadas de formigón apoiadas sobre os tabiques e cobertura de pranchas de fibrocemento con tella cerámica por enriba, mantendo a mesma xeometría da cuberta antiga (4 augas) e o seu uso actual (non habitable), con acceso dende o interior da vivenda. Non se actuará sobre o resto da edificación (fachadas, etc.), e non se alteran os parámetros urbanísticos da mesma (altura edificación, ocupación de parcela, etc.), acadando a cuberta unha pendente máxima de 22,3º, unha altura de cuberta de 1,90 metros e unha superficie total construída en proxección horizontal de 119,65 m<sup>2</sup>.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 6546301NH2464N0001MD) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, asinado polo arquitecto Marcos Beiras Duarte visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 05.09.2024 (expte. 2404628).

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederá á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 452,34 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 548,37 euros.

**d)** Deuse conta dunha instancia presentada por Jose Manuel Carballal Veiga, que di actuar en representación de SUSANA NOYA LORASQUE, solicitando licenza para a construción dunha edificación auxiliar (garaxe), no lugar de Vidaloiro – Bastavales, segundo reformado de proxecto básico e de execución de edificación para uso de garaxe, asinado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, visado con data 29.07.2024 (expte. 2303370).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 8918301NH2481N0001FH) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1) e atópase na aldea de Vidaloiro, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, coa referencia XBE-5 e no contorno de protección do Cruceiro e fonte de San Alberte de Vidaloiro.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 20.09.2024 (expte. 2087/23) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao Reformado de proxecto básico e de execución de edificación para uso de garaxe, asinado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, visado con data 08.07.2024 (expte. 2303370).
- Deberá cumprir a condición imposta na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 20.09.2004 (expte. 2087/23): A dimensión dos beirís da cuberta será similar á dos existentes tradicionalmente no asentamento.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (51,18 m<sup>2</sup>) que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a edificación non implica a construción do peche de parcela, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser po un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 51,18 m<sup>2</sup>, destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 17 de outubro de 2024.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:  
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 569,40 euros.  
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.  
Total: 665,43 euros.

#### **SEXTO.- RENUNCIA PARCIAL A LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Pablo Beiroa Pampín, que di actuar en representación de “O PECADO DE XANTAR S.L.”, na que comunica ao Concello a renuncia a tres vivendas unifamiliares adosadas, en bloque independente, que formaban parte da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local con data 27 de febreiro de 2006 a CONSTRUCCIÓN BERDULLAS E LOUREIRO S.L., con domicilio en Chave de Ponte, parroquia de Bastavales, para a construción de 11 vivendas unifamiliares adosadas, no lugar de Sabaxáns, segundo o proxecto técnico confeccionado polos Arquitectos A. I. Piñeiro Esperante e I. Soto González.

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local celebrada o 22 de novembro de 2022, tomou coñecemento e autorizou o cambio de titularidade da licenza de obra para construír 11 vivendas unifamiliares adosadas, no lugar de Sabaxáns, Bastavales, concedida pola Xunta de Goberno Local o 27.02.2006, a nome de Construcións Berdullas e Loureiro SL, pasando a ser titular da licenza de obra O PECADO DE XANTAR S.L., con CIF: B-70445895, que queda subrogado en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido pola arquitecta municipal no que se sinala que as obras de construción das tres vivendas unifamiliares adosadas, en bloque independente, non foron executadas, e do informe favorable do asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada, deixando sen efecto parcialmente o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 27.02.2006, no referente á construción das tres vivendas unifamiliares adosadas.

2º) Notificar este acordo ao interesado.

#### **SÉTIMO.- RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE PARA DECLARAR A INEFICACIA DUNHA COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS.**

a) Visto o expediente que se está a tramitar para a declaración de ineficacia da comunicación previa presentada por PEDRO ÓSCAR SANTAMARÍA ESTEPAR, na que comunica que vai construír unha edificación de carácter provisional, de uso recreativo privado, sobre a parcela nº 538 do polígono 505 (Os Ánxeles), nas inmediacións da aldea de Guisande, segundo a documentación técnica asinada polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede con data 24.08.2024, vistas as alegacións presentadas polo interesado no prazo de audiencia, e visto o informe emitido polo arquitecto municipal de data 15.10.2024, no que se sinala:

**INFORME:**

**ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN APORTADA.**

1.- O escrito fundaméntase en tres cuestións, que se enumeran do seguinte xeito, en clara alusión á estrutura do informe deste técnico, de data de 03.09.2024, e que serviu de base para iniciar o trámite de ineficacia, a saber.

- a.- Primeira cuestión: Uso provisional.
- b.- Segunda cuestión: Uso terciario/Usos residenciais.
- c.- Terceira cuestión: Título habilitante inadecuado.

**1.- PRIMEIRA CUESTIÓN: USO PROVISIONAL.**

1.- A vixente Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG) e concretamente no seu artigo 89 permite a implantación de usos provisionais en clases e cualificación de solo determinados.

2.- O artigo 89 da LSG establece o seguinte:

Artículo 89. Usos y obras provisionales.

No obstante la obligatoriedad de la observancia de los planes, podrán autorizarse usos y obras de carácter provisional en suelo urbano no consolidado, suelo urbanizable y terrenos afectados a sistemas generales en tanto no se inicie el procedimiento de gestión correspondiente, siempre que no estuvieran expresamente prohibidos por el planeamiento general ni por la legislación sectorial.

3.- O alegante pon de manifesto que como non se prohíbe expresamente pola lexislación urbanística vixente, polo tanto ha de entenderse, segundo o seu entender, como unha cuestión permitida, sen mais.

4.- Ante o aquí exposto, temos a ben de manter o xa manifestado no informe emitido por este técnico con data de 03.09.2024, e toda vez que do estudio integrador da norma en relación co citado artigo 89 da LSG, que se refire aos usos a implantar dentro dos ámbitos concretados, podemos deducir que dado o seu carácter tasado, distinguindo as clases e cualificación de solo nas que si se pode implantar este uso provisional, deducimos e concluímos que para o resto de clases de solo, como tamén para esta clase de solo en particular (solo de núcleo rural), este uso provisional debe de considerarse non admisible.

5.- Non pode obviarse a súa condición de excepción á norma e polo tanto de regulación extraordinaria para aqueles solos nos que a condición de desenvolvementos sistemáticos supón un réxime especial, en tanto en canto, non se aproben definitivamente os seus instrumentos de planeamento e xestión urbanística.

Non é o caso nesta clase de solo, solo de núcleo rural, cuxa regulación segundo a Disposición Transitoria Primeira da LSG será aquela que dispón o planeamento xeral (PXOM); onde non está permitido o uso ou obra provisional.

**2.- SEGUNDA CUESTIÓN. USO TERCIARIO/USOS RESIDENCIAIS. USO PÚBLICO PRECEPTIVO.**

1.- Na memoria técnica presentada e redactada polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansedo indícase que se pretende levantar unha construción provisional, de planta baixa e de 45,15 m<sup>2</sup> construídos, destinada a uso recreativo privado.

2.- O programa desenvólvese, de acordo co proxecto presentado, do seguinte xeito:

“Su distribución interior de espacios es la siguiente:


Espacio de juegos:	14,90 m <sup>2</sup>
Sala tv:	5,02 m <sup>2</sup>
Distribuidor:	4,78 m <sup>2</sup>
Aseo:	2,37 m <sup>2</sup>
Almacén 1:	4,45 m <sup>2</sup>
Almacén 2:	5,36 m <sup>2</sup>
Almacén 3:	2,80 m <sup>2</sup>

Superficie útil total: 39,68 m<sup>2</sup>

Anexionamos copia do plano nº 3 do documento técnico: “Plantas de distribución y cubiertas”, aos efectos de ilustrar e ter unha maior comprensión sobre a cuestión que aquí se sustancia.

#### DOC. ANEXO Nº 1

PLANO Nº 3 DO DOCUMENTO TÉCNICO: “PLANTAS DE DISTRIBUCIÓN Y CUBIERTAS”.



3.- O uso característico que establece a ordenanza de aplicación (Ordenanza nº 8/ NRL-2) é o de vivenda unifamiliar, contemplando unha serie de usos compatibles, dentro dos mesmos faise referencia ao uso socio-cultural e recreativo (\*), con remisión expresa na presente ordenanza ao uso de carácter equipamental; como os así encadrados dentro da ordenanza xeral de usos de carácter equipamentais: asistencial, sanitario, socio-cultural, residencial móbil (campings), etc., e tamén admitidos ou compatibles dentro desta ordenanza zonal (NRL-2).



4.- Con independencia da súa titularidade, como ben se manifesta no contido da alegación formulada, calquera deste grupo de usos pode ser de titularidade pública ou ben privada, pero sempre cun destino ou finalidade no relativo ao uso: uso público preceptivo, toda vez que todos eles están baixo o epígrafe ou carácter equipamental.

5.- O alegante manifesta na premisa exposta na súa motivación, que un uso equipamental ben pode ser de titularidade pública ou privada, pero traslada ou confunde o destino, á hora de sacar a conseqüente conclusión: “uso recreativo privado”.

6.- Todo uso equipamental é de carácter público por imposición do propio concepto, e polo tanto de uso público (uso preceptivo).

A implantación dun uso de carácter público estará sometido ao réxime de licenza urbanística, como así se motivará no apartado seguinte.

7.- Xa aclarado que o uso aquí permitido pola ordenanza NRL-2: “recreativo de carácter equipamental” é de uso público, polo tanto non existe a posibilidade legal de establecerse no presente ámbito de solo de núcleo rural un uso recreativo privado.

8.- Queremos tamén advertir que na análise e conseqüente exposición realizada por este técnico no informe de data de 03-09.2024, relativa a este segundo apartado concretamente no seu punto d) tamén se expón o seguinte:

d.- Examinado o contido do proxecto, observamos que o programa da edificación de carácter provisional que se propón erixir contempla a implantación ou creación dunha serie de estancias (sala de TV, espazo de xogos), así como unha serie de espazos de servizos (cuarto de aseo, almacéns), propios do uso residencial, o cal ven regulado na Normativa de Habitabilidade de Galicia /Decreto 29/2010.

En consecuencia, estamos ante unha edificación con un uso residencial. Aos efectos de ilustrar o aquí manifestado, remitímonos ao documento anexo nº 1 deste informe: copia plantas de distribución e cubertas”

9.- Na alegación presentada, e en relación a esta cuestión, manifestase o seguinte:

“Por outra parte, en relación con la aplicación de la normativa de Habitabilidad de Galicia, decreto 29/2010, tan solo basta decir que no es de aplicación para las edificaciones de uso no residencial, como es el caso”.

10.- Manifestase por parte do alegante que non se trata de un uso residencial, xa que se trata dun uso recreativo.

11.- Queda suficientemente claro, a partir da documentación técnica presentada e como ben se advirte do apartado 7) que se está a describir un uso residencial, séndolle de aplicación a Normativa de Habitabilidade. Uso residencial que para a súa implantación, está sometido ao réxime de licenza urbanística, e non ao de comunicación previa, como así se motivará no apartado seguinte.

### TERCEIRA CUESTIÓN. TÍTULO HABILITANTE INADECUADO.

1.- Neste apartado o alegante manifesta o seguinte:

“Tal como se expone en el Proyecto de Obras Menores tramitado junto con la solicitud de Licencia Municipal, se trata en este caso de una instalación de uso provisional, de escasa entidad constructiva y económica, que no afecta a servicios de uso común ni aumenta el número de viviendas y cuyo uso no es el residencial.

Por lo tanto, se cumplen todos los preceptos establecidos por el Colegio de Arquitectos de Galicia (Guía de Redacción de Proyectos) para la no necesidad de proyecto de obras. No estamos, por lo tanto, ante ninguno de los supuestos establecidos en el art.142 de la LSG y el art 360 del RLSG:

- No se precisa proyecto de obras.
- No se interviene en bienes declarados de interés cultural o catalogados.
- No se plantean demoliciones.
- No se proyectan muros de contención.
- No se plantean parcelaciones.
- No se trata de una edificación de uso residencial.
- No se plantea la tala de árboles.

En consecuencia, de acuerdo con el art. 142 de la LSG, el procedimiento correspondiente para la tramitación del expediente ha de ser el de comunicación previa”.

2.- Unha vez exposto isto, e aos efectos de aclarar esta cuestión: título habilitante inadecuado, e a tenor da exposición realizada por este técnico no informe de data de 03.09.2024, ao respecto desta circunstancia, temos a ben de expoñer o seguinte:

a.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e que regula o réxime de licenzas urbanísticas e comunicacións previas, establece o seguinte no seu apartado 2, a saber:

“2.- Estarán sujetos a licencia municipal, sin perjuicio de las autorizaciones que fueran procedentes de acuerdo con la legislación sectorial aplicable, los siguientes actos:

a) Los actos de edificación y uso del suelo y del subsuelo que, con arreglo a la normativa general de ordenación de la edificación, precisen de proyecto de obras de edificación.”

b.- Por remisión á Lei de ordenación da edificación (LOE), e de xeito concreto ao seu artigo 2, apartado 2:

2.Tendrán la consideración de edificación a los efectos de lo dispuesto en esta Ley, y requerirán un proyecto según lo establecido en el artículo 4, las siguientes obras:

a) Obras de edificación de nueva construcción, excepto aquellas construcciones de escasa entidad constructiva y sencillez técnica que no tengan, de forma eventual o permanente, carácter residencial ni público y se desarrollen en una sola planta.

3.- En consecuencia:

a.- No suposto que se manifesta na comunicación previa presentada: edificación provisional para uso recreativo público, dado o carácter equipamental e así xa analizado e aclarado no

apartado anterior, o título habilitante é de licenza, a teor do exposto no parágrafo anterior e regulado na LOE, artigo 2, apartado 2, por remisión do artigo 142 da LSG, a saber:

a) Obras de edificación de nueva construcción, excepto aquelas construcións de escasa entidade constructiva y sencillez técnica que no tengan, de forma eventual o permanente, carácter residencial ni público y se desarrollen en una sola planta.

b.- E para un uso residencial, que é o advertido na análise realizada sobre a documentación técnica que describe o proceso de edificación e programa a implantar na parcela, e a teor do xa citado precepto legal, o título habilitante adecuado é o de licenza. Non sendo válida, en consecuencia, a comunicación previa presentada.

4.- A teor do ata aquí manifestado, o título habilitante adecuado no presente caso é o de licenza urbanística.

#### CONCLUSIÓN. INADMISIÓN ALEGACIÓN.

1.- Que una vez iniciado o trámite para a declaración de ineficacia da Comunicación Previa para a construción dunha edificación de carácter provisional de uso recreativo privado a emprazar no lugar de Guisande (parroquia dos Anxeles), mediante o acordo da Xunta de Goberno Local en data de 10.09.2024, e una vez estudada por parte deste técnico a alegación presentada polo interesado, teño a ben concluir o seguinte:

a.- Procede DESESTIMAR a presente alegación ante a declaración de ineficacia da Comunicación Previa de obra acordada en Xunta de Goberno Local de data de 10.09.2024; polos motivos expostos no presente informe, nos que se constata que a comunicación previa non cumpre os requisitos esixidos na lexislación urbanística vixente para constituír título habilitante para a execución de ditas obras.

b.- En consecuencia, deberase de seguir coa tramitación do procedemento de declaración de ineficacia iniciado.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

**1º)** Desestimar as alegacións presentadas por Pedro Óscar Santamaría Estepar, en base aos argumentos que figuran no informe técnico municipal de data 15.10.2024.

**2º)** Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por Pedro Óscar Santamaría Estepar para construír unha edificación de carácter provisional, de uso recreativo privado, sobre a parcela nº 538 do polígono 505 (Os Ánxeles), nas inmediacións da aldea de Guisande, segundo a documentación técnica asinada polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansedo con data 24.08.2024.

**3º)** Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

#### OITAVO.- BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por C.V.B., con rexistro de entrada

no Concello núm. 202499900001079, do 04.07.2024, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación do menor en acollida F.B.A., nas actividades de: concilia Brión-verán 2024, para menores Saharaüis.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 14.10.2024, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a C.V.B. unha bonificación do 100% do prezo público, correspondente á participación do menor en acollida nas actividades referenciadas, unha vez valoradas as circunstancias sociais e de vulnerabilidade dos menores participantes na actividade, así como o carácter solidario da acción de acollida das familias, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento, e ao Departamento de servizos sociais.

**b)** Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por M.M.B., con rexistro de entrada no Concello núm. 202400000003074, do 14.10.2024, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación do menor en acollida A.M.L., nas actividades de: concilia Brión-verán 2024, para menores Saharaüis.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 14.10.2024, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a M.M.B. unha bonificación do 100% do prezo público correspondente á participación do menor en acollida nas actividades referenciadas, unha vez valoradas as circunstancias sociais e de vulnerabilidade dos menores participantes na actividade, así como o carácter solidario da acción de acollida das familias, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento, e ao Departamento de servizos sociais.

#### **NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González